



“ 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES”

CONCELLO  
DE VIGO



[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)



Consello Municipal  
da Muller

Un ano máis, e con motivo da conmemoración do día 8 de marzo, *Día Internacional das Mulleres*, organizamos un ciclo de cine infantil que proxectaremos no VERBUM-CASA DAS PALABRAS durante 3 domingos do mes de marzo. Son 3 filmes dirixidos ao público infantil nos que o papel protagonista, e polo tanto activo no guión, interprétao unha nena ou un grupo equitativo de rapaces e rapazas.

**DOMINGO 6, 13 e 20 de marzo, ás 12:00 h**

**VERBUM-CASA DAS PALABRAS**  
Avenida de Samil, 17

*Entrada libre e gratuíta ata completar as localidades*

*\*A organización, resérvase o dereito de modificar o programa establecido.*

Domingo, 6 de marzo ás 12:00 h

### “A MONTAÑA MÁXICA”



Ano: 2009

Duración: 83 minutos

Dirección: Katarina Launing, Roar Uthaug

País: Noruega


Xénero: familiar, aventuras, fantasía

Para o público infantil de todas as idades

**SINOPSE:** a princesa Bluerose é unha pequena gнома que vive nas montañas. Alí, unha comunidade de gnom@s encárgase de controlar o paso da noite ao día grazas á prata máxica que posúen. Un día, un grupo de gnom@s e humanos/as rouban a prata, condenando así ao mundo a vivir en penumbra para sempre. A princesa Bluerose embárcase nunha increíble misión para recuperar a prezada prata.

Domingo, 13 de marzo ás 12:00 h

### “O MEU VECIÑO TOTORO ”



Ano: 1988

Duración: 86 minutos

Dirección: Hayao Miyazaki

País: Xapón

Xénero: animación, fantástico

Para o público infantil de todas as idades

**SINOPSE:** Relata a historia dunha familia xaponesa que se traslada ao campo, nos anos 50. Comeza coa instalación na nova casa e presegue co descubrimento do contorno (natureza, veciñanza). As dúas fillas, Satsuki e Mei, tropezan cun espírito do bosque: *Totoro*, criatura que vive baixo a árbore xigante veciña, co que establecen amizade. O pai é un profesor universitario que aviva a imaxinación das súas fillas con fábulas e historias máxicas sobre duendes, fantasmas e espíritos protectores dos fogares.

Domingo, 20 de marzo ás 12:00 h

### “HOME: FOGAR, DOCE FOGAR”



Ano: 2015

Duración: 94 minutos

Dirección: Tim Johnson

País: Estados Unidos

Xénero: animación, comedia infantil

Para o público infantil de todas as idades

**SINOPSE:** Os Boov, unha raza alienígena na procura dun lugar ao que chamar fogar, toman a Terra e relocalizan a todos os humanos/as. Tip, unha adolescente moi resolta e testana, logra non ser capturada e forma equipo con Oh, o alienígena máis irritantemente optimista da galaxia. Tip e Oh terán que fuxir e acabarán salvando o planeta.